



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 10 de decembro de 2019, á vista das alegacións achegadas, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a actualización das condicións de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

TENOFOVIR ALAFENAMIDA FUMARATO (TAF)

na indicación de tratamento de adultos infectados polo virus da inmunodeficiencia humana de tipo 1 (VIH-1), nas seguintes situacións:

1. Paciente naïve:

TAF en combinación con EMTRICITABINA (FTC) pode considerarse un dos rexímenes de ITIAN de elección, especialmente en:

- Pacientes con alteracións renais:
 - Filtrado glomerular ≤ 60 mL/ min ou proteinuria.
 - Filtrado glomerular entre 90-60 mL/ min, con diminución do filtrado glomerular de polo menos 5 mL/ min confirmada en dous determinacións consecutivas.
 - Hipofosfatemia de orixe renal.
- Pacientes a tratamento concomitante con fármacos nefrotóxicos.
- Pacientes con esperada toxicidade a nivel óseo por Tenofovir disoproxilo fumarato (TDF):
 - Osteopenia e risco elevado de fractura osteoporótica obxetivada polo índice FRAX ou por presenza de factores de risco.
 - Osteoporose subxacente.
 - Historia de fracturas por fragilidade.

A utilización de tenofovir como TDF podería considerarse unha alternativa a TAF cando non se asocie a un fármaco potenciado, sempre que se descarte a presenza de alteración renal ou de osteopenia/osteoporose, y non exista risco de desenvolvelas.

2. Paciente pretratado:

TAF en combinación con EMTRICITABINA (FTC) pode ser unha opción de cambio de tratamento antirretroviral, especialmente en pacientes a tratamento con TDF que están nas situacións especificadas no punto 1.

Estas indicacións aplicaranse a todas as moléculas que conteñen TAF na súa composición.

En todo caso, a elección do tratamento antirretroviral deberá priorizarse sempre atendendo a criterios de eficiencia respecto ás opcións dispoñibles para cada caso individual.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2019

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

